



**Amigos
da Terra**

O Nadal pode ser unha época de excesos e cando máis toleamos coa febre do consumo.

Sabías que cada galego/a xera diariamente máis de 1kg de desperdicios, pero cando chega o Nadal, aumentamos esta cifra nun 75%?

Que é o que nos fai realmente felices en Nadal? Non esquezas que o esencial na vida non se compra, se pensamos un pouco máis podemos planear un Nadal que non perxudique á Terra, mentres evitamos o consumo desmesurado.

Decálogo para un NADAL RESPONSABLE!

1. Busca agasallos nos mercados de segunda man ou de troco, os rastros e tendas de segunda man, deste xeito, o teu agasallo será único e estarás reutilizando á vez.
2. Regala cestas de produtos locais e de agricultura ecolóxica, ou por exemplo cervexa ou viño fabricado localmente ou ecolóxico. Estes produtos, ademais de ser máis sans, son ambientalmente máis sostibles, xa que na súa produción non se utilizan pesticidas nin fertilizantes.
3. Invita a alguén a unha experiencia en vez de darlle unha cousa. Algúns exemplos serían: entradas de teatro, de cine, para un concerto... ou quizais unha fin de semana nun balneario ou nunha casa rural.
4. Para as persoas que o teñen todo, poderías facelos doantes dunha organización que lles guste, deste xeito, o teu agasallo beneficiará a máis dunha persoa.
5. Compra en tendas de comercio xusto. Nelas atoparás produtos de países do Sur, elaborados en condicións laborais dignas e dun modelo de produción sostible.
6. Evita os produtos de usar e tirar, como platos, vasos e panos de mesa. Utiliza mellor vaixelas.
7. Se queres ter unha árbore natural para este Nadal, ve a buscala a un viveiro. Asegúrate que teña raíces suficientes para poder replantala cando remate o Nadal. Senón, tes a alternativa das árbores artificiais, que poderás utilizar cada ano.
8. Podes reciclar todas as tarxetas de Nadal que recibes. Aínda así, lembra que en Nadal, as mellores tarxetas para o noso planeta son as electrónicas. Ademais, aforrarás cartos!
9. Antes de irte de viaxe, non esquezas conservar a enerxía da túa casa. Apaga as luces, ordenadores e electrodomésticos que non serán usados, e asegúrate de pechar ben as billas para minimizar o gasto de auga.
10. Adoítamos a ter moitas cousas despois do Nadal, lembra que as cousas que xa non necesitas, poderían ser moi útiles, ata desexadas para outras persoas.



Bo Nadal Responsable!